Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

6



Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes

Edición
Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección
Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión
Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2026

D.L.
VG 190-2026

ISBN
978-84-1188-103-6

Autora das ilustraciones de portada
Alba Casanova

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

Covadonga

Nacín en Ares, unha vila pequena das rías altas.

Alí aprendín que a felicidade pode ser sinxela.

Ccruzaba a ría para estudar no
instituto de Mugardos.
Volvía á casa pensando en música.
Tamén tocaba o piano.



Formaba parte dun equipo feminino,
o Numancia de Ares.

Alí aprendín que traballar en equipo é importante,
como na vida.

De nena gustábame a bioloxía.
Quería ser astronauta.
Soñaba con ver o mundo desde fóra.

Tamén miraba libros grandes de arte na casa.

Alí coñecín artistas como
Velázquez, **Caravaggio** e a **arte xaponesa**.

Así comecei a interesarme pola arte.

A miña tese tratou sobre o movemento na arte.
Estudei como se representa
e como se usa.Tamén investiguei máquinas e
mecanismos na arte.
Agora sigo traballando sobre tres ideas:
o movemento, a luz e os obxectos.
Uso escultura, fotografía e vídeo.

Velázquez



Caravaggio



Arte xaponesa



Para min, pensar e facer van xuntos.
Despois da tese pasei anos difíciles.
Houbo traballos inestables e tiven
inseguridade sobre o meu traballo.

Co tempo entendín algo importante:
esa inseguridade non era só miña.
Moitas mulleres tamén a senten.
Seguir creando foi unha forma de resistir.

Na miña vida houbo persoas importantes:
A miña nai, profesora de matemáticas.
A miña tía, investigadora en bioloxía.
Un profesor de historia da arte do instituto.
Máis tarde tamén coñecín profesoras
e artistas. Aprendín delas.

Para min, a arte é un espazo de liberdade.
O erro non é algo malo.
Pode ser un camiño novo.

Tamén traballo en proxectos en grupo.

Facemos exposicións e actividades educativas.

Algúns proxectos foron con asociacións.

Levamos a arte a hospitais e
a espazos para nenos.

Queremos facer os lugares máis humanos e crear preguntas.

Gustaríame facer a arte máis accesible.

Arte accesible

A arte accesible é arte para todo o mundo.

Non importa se unha persoa ten dificultades para ver, escoitar ou comprender.

Tampouco importa a idade ou o nivel de estudos.

A idea é que ninguén quede fóra.

É importante:

Todas as persoas teñen dereito a gozar da arte.

- A arte axuda a aprender e a sentir.
- A inclusión fai a sociedade mellor.

En resumo:
a arte accesible é facer a arte fácil de entender e usar
para todas as persoas.




Son idealista, constante e impaciente.

Sempre levo comigo: un caderno,
un lapis, o ordenador e o móbil.

Gústame moito a música e tamén me
gusta ler.

Se puidese,
gustaríame controlar o tempo.
Paralo ou facelo máis lento.

Para mirar mellor as cousas que pasan
sen facer ruído.
Todo cobra sentido.



Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

FECYT
INNOVACIÓN